


COLECCIÓN TAMBO
Ó coidado de Luís Rei Núñez

Manuel Abeledo
Presidente da Deputación de Pontevedra
Rafael Louzán Abal
Deputado delegado da área de Cultura

Miguel Pereira Figueroa
Director do Servizo de Publicacións
César Manuel López Marras
Director adxunto
Celia Soto Espiña, Ana Vicente Rivas
Gabinete lingüístico

Primeira edición marzo de 2003
© Diputación Provincial de Pontevedra, 2003
Servicio de publicaciones
© Francisco Álvarez, 2003
Deseño Fausto C. Isorna
Impresión Artes Gráficas Vicus, S.A.L.
ISBN 84-8457-142-4
Depósito legal VG-293-2003

Para abril e amantes



R. 16183
GA 15243

Francisco Álvarez



Para abril e amantes

TAMBO

A LOLI

POR TODA A VIDA COMPARTIDA.

I

Escribo dende ausencia.
E subo polo xogo da túa voz
metálica e fermosa...
Tódolos camiños forman o labirinto do teu corpo.
Viexo polos tellados,
colgado dun fío telefónico
que me murmura ó oído.
Calo tódolos silencios que non atopo
e conto as patas dunha cadeira,
sen saber se son catro ou oito
invádeme a tristeza do meu propio holocausto.
Premeditadamente, deséxote
e percorro os teus pasos,
que se afastan ata o infinito outo.
Nin sequera poderei firmar estes versos,
porque ata a derradeira palabra é túa.



II

O mundo en que vivo esta mañá é un plano,
de rúas retorcidas, de avenidas
e de edificios solitarios.

Destrúeme a esperanza
e sinto a canseira do vello abecedario.

Cómeme esta paisaxe solitaria,
míranme, chéiranme e maldinme.

Fálanme improperios de silencio
lido nos seus ollos, nos seus labios
Camiño polas pegadas doutras pegadas
e abrígome no abrigo dos desexos,
no fío da tarde.

Sepáranme a ventá e o silencio
daquelas nosas tardes.

III

Vou dende o autobús que me transporta
subindo pola ventá cara ó ceo.

Neva, e a neve cáeme no sombreiro.

Neva e a neve cae lentamente
como caen os bicos dos teus beizos.

Camiño baixo a á do sombreiro,
pésame a alma.

A túa face, face do mundo,
do mundo que amo, que soño
cada día.

Súfrote pola miña pena,
amo a dor que me produces.

Nazo en ti cada día,
e es a miña angoxa.

Dirás que por qué escribo versos tristes nesta tarde,
e eu, para contestarche, non sabería
senón chorar as miñas palabras
nestes versos.

IV

A auga caía polos pratos
e o murmurio da súa voz era o teu bordón.
Soñabas en silencio
e cantabas...
Cantabas as lembranzas,
e as miñas cartas, e os versos de amor
que para ti escribo.
Eu era a túa esencia.
O tronco que apaixonadamente abrazas.
Son a lembranza, a ventá
o papel en branco, a voz distante.
A auga caía polos pratos.
O temón do pensamento desfecía
os últimos bandazos.
O vento pasa murmurando só,
e eu escribo estes versos
para as túas páxinas.

V


A túa cama, que é a miña,
cheira a suor do teu corpo
e dos nosos orgasmos.
A túa cama é silencio
son xemidos entre a paixón e a calma.
Estás entre as catro esquinas
suaves coma sabas,
bicos coma lúas,
lúas coma prantos.
O teu corpo de xunco
fáiseme guitarra
namentres a túa voz
xoga coas palabras.
A túa cama, a nosa cama
colgada das estrelas,
viaxa pola ventá.

VI

Dende aquí penso
nos puntos suspensivos e nas comas,
que só coñecemos eu e o teu corpo.
Agora invádenme non só a tristeza
senón a xeografía do silencio.

VII

Cando o abrente envolve
os teus bicos de guitarra
e as sombras cobren
a túa pel de xitana.
Entón penso en ti,
abrasado en ansias.
Soño cos teus labios
que me soben e me baixan.
Canción nocturna para o teu corpo.
Soñan os teus pasos ó son
dun concerto sen palabras
e mentres escoito a música,
ti bailas.
Qué movementos os teus,
que consomen a miña mirada,
e mentres a música soa
o teu fermoso corpo danza.
O teu erótico movemento
cadencioso en corpo e alma,
é hoxe viño da miña mesa,
páxina do meu diario.



VIII

Tería esta mañá
que escribir un verso ós teus ollos
e o sorriso do teu corpo,
a concavidade da túa xeometría
eroticamente devala polas miñas ansias.
O teu sorriso é sempre o teu sorriso, castígame.
Os teus ollos coma dúas noites. Sedúcenme
a un doce suicidio no teu corpo.
Aperto a túa mirada, e os meus labios
perséguente nun recanto dun impulso.
Pésame o tempo
e esta mañá é un doce cilicio.

IX

Dende o lenzo cubista
e dende o alto...
dunha métrica medida,
uns ollos como oídos
sentíannos: tal vez logo,
o ousado pintor interroga o cadro
dos nosos ampeos e demais xogos malabares.
Pero o cadro,
fiel á arte dos nosos corpos,
permanecerá risoño e mudo.
O sofá recupérase das turradas
e polo chan saltan as chispas
de dous corpos, dos que a enerxía se extingue
na fogueira das paixóns
que vibran ó unísono.
Descansamos.
E máis tarde volvemos ó encontro.
Era lume, era soño e era poesía...
baixando polo teu corpo
subindo polos meus bicos.
Muller de altas montañas
perdinte nos teus altiplanos
e o eco dos meus pasos
confundiuse coas túas pegadas.

X

Gústame espirme
na escuridade do teu corpo,
para que só me vexan os teus labios.
Gústame amarte a campo aberto
porque os teus xemidos son como o eco da praia.
Gústame o tacto da túa pel
que alporiza o desexo e a palabra.
Gústame morrer cada día
nun orgasmo de días como páxinas.

XI

Cada vez que te amo,
muller mar,
é un remuíño de paxaros
que estouran o norte.
Cada vez que lambo as arestas
do teu corpo,
es coma o arco da vella
que estoura en mil cores.

XII

Camiño polos silencios da túa vida
coma se fosen estacións de tempo
e falo polas palabras que calas
coma se fosen bicos.
Aperto a túa man coa miña e tremo.
Dende que vivo sóñote
entre a palabra e o desexo.

XIII

Arquitecto do teu corpo
apertado movemento,
son os teus ollos dúas lúas
que alumean o segredo.
Unha noite faise inmensa
fundida nos teus bicos.
A túa imaxe é un orgasmo,
a lembranza é un silencio.

XIV

¡Deus, ti que o sabes todo
e hoxe me desangras,
arríncame se queres a vida,
que non vale para nada!
Estas palabras miñas
malditas e caladas
pésanme coma o chumbo
e desolan a miña alma.
¡Deus, ti que o podes todo,
dime ónde acaba
a dor do home, nesta cloaca!
Tanta dor que teño, tanta dor me arranca,
que por doer dóeme todo
e a miña dor, dor arranca.
O día volveuse negro.
O día e a miña alma
choran ausencias que firen,
e nin sequera matan.
¡Deus, dime! ¡Deus, se ti sabes
qué facer con este barro
que hoxe amaso co meu sangue!

XV

As palabras penduradas dos teus labios
e os teus ollos cinsentos,
que discorren coma días.
A túa boca, semente dos bicos meus,
causando as miñas loucuras
e os meus desexos.
Búscote polas rúas cada día
perdido na miña ousadía
de horas e esquinas.
Estou feito á túa maneira
e a túa voz namorada
é paixón e escaleira
que sobe ata a túa almofada.

XVI

Esta mañá teño triste a alma
e o pranto nos bicos.
Hoxe, posto a parir penas
e a pisar rúas,
abrín o meu corazón á ventá
dunha silenciosa primavera que comeza.
Eu, o louco de remate, que ben puidera ser
o personaxe dun bolero.
Séntome aquí, non sei ónde,
e escribo estas liñas.
Aínda o teu último bico me quece
cando eu sufro versos.
Búscome na paixón dos teus ollos
no volcán do teu peito, que se ergue coma o mar.
Aquí nas alturas de Manhattan,
reconstrúo a túa imaxe
e bico palmo a palmo a túa memoria
que cultivo esta primavera.

XVII

A túa boca é húmida
e cando morde...
ábreseme a esperanza.
Os teus ollos brillan e co teu brillo
non hai noites na miña alma.
A túa pel quéimame e quenta
o inverno que me esmaga.
Os teus dedos debuxan
e elevan o meu tránsito.
Toda enteira tremes,
cando nos abrazamos.

XVIII

A miña voz esta mañá
faise eco do meu sangue
e ten sede das túas palabras.
Viaxo no tren e non sei ónde
gardar esta pena que me viaxa.
A fermosa melodía da túa voz
é a miña equipaxe.
Esta mañá de abril sería fermosa
se puidera acariñar os pétalos das túas mans.
Desespérame a impaciencia
e grito a loucura do meu amor
na túa memoria.

XIX

Escribo dende a ausencia dos teus ollos
e dende o sorriso dos teu beizos;
escribo dende a ausencia.
Rodéanme as horas dunha tarde
fermosa de solsticio.
Adózame a lembranza das túas mans
na túa cintura de guitarra.
Vixíanme as pombas dende o alto,
entre o roxo e o marelo.
Danme sombra as árbores da primeira avenida
aínda húmidas de inverno.
Escribo para a túa ausencia
e penso no teu corpo, tan teu e tan meu.
Escribo para as túas palabras,
repetidas na túa boca,
no meu louco delirio.
Sufro hoxe ausencia con esta dor tan miña,
e aperto a esperanza
e rezo a Deus redimido.

XX

Unha muller me espera
cada mañá no abrente
co seu cabelo solto
e os seus ollos negros.
Unha muller me espera
feita abecedario,
co seu sorriso inmenso
e o seu tráxico pranto.
Vou coma as esferas,
silencioso e xirando,
durmido nos teus peitos
de limón e dardo.
Bícote entre a túa vida,
sempre en tránsito.
E morro contigo
en cada orgasmo.

XXI

Dende o alto ata o infindo
camiño do teu peito.
Dous paxaros debullan
o seu sensual lamento.
Subín ata o cumio
tremendo dos teus bicos.
Teño sido un louco romántico
morrendo no teu silencio.
Nin sequera o abrente pode
botarme do teu leito.
¡Oh, deusa do meu amor!
¿Cál é o teu segredo?
¡Canto máis te amo
máis te desexo!

XXII

Amo os teus grandes ollos
coma as noites de lúa chea
que riza os nosos bicos.
Amo as túas palabras
que timidamente calaches
cando empezabas a amarme.
E amo eses suspiros,
que suavemente deitas
sobre a alma de meu corpo
tódalas mañás...
cando terriblemente me amas
máis aló do silencio
e das palabras.

XXIII

O tempo ou esa bendita manía
de conta-las cousas.
O Amor ou a maldición
de sufrir por outro corpo.
O silencio é a mellor testemuña
de tódalas vidas.
Por iso me esquezo do tempo
pero non podo co amor
que levo dentro
nin co silencio, que me espreita
preto e lonxe...



XXIV

A túa vulva
rompía o glaciador fantástico
de violetas na primavera.
Salferíame o pracer dos teus peitos
e o rumor do teu embigo sobre o meu corpo.
O eco da cantadoira era ó lonxe
o cantar da tarde na ribeira.
Ti eras a Venus do Miño,
pai de searas e seráns acoitelados
na lembranza do noso tempo.
Ardente era o sol
dos nosos interiores.
Voaban as bolboretas por riba da herba
namentres o teu corpo nu era feito tempo.

XXV

Necesito os teus ollos
feitos da nada
e as túas mans e os teus dedos
que aloumiñan a miña alma.

XXVI

Sóbrame a razón para amarte,
e para amar as baleiras estancias do tempo
que crecen silenciosas na nada.
A penas hai tempo,
pero tal vez infinito, que te amo.
Unha noite calquera, inducinte ó pecado,
e ti preferiches amarme.
As túas formas óseas perdidas no limbo,
dunha noite eterna e lúdica.
Os dous sorrímos a un tempo,
como cómplices dun mesmo delicto,
pero tiñamos un doce atenuante.
O noso amor.

XXVII

Gústame cando sementas
o meu corpo de esperanzas,
e gústame cando calas,
as túas doces palabras.
Cando cheiro as túas flores
que no meu estudio tremen,
o vento dos meus suspiros;
que buscan os teus labios.
Tódolos papeis, todos
buscan a túa ollada,
de cando les os meus versos
con ansia calada.
As túas flores fálanme de ti,
e a túa presenza,
viaxa por tódalas páxinas.

XXVIII

A murmurios íspome pouco a pouco,
a murmurios os teus ollos,
as túas ansias e o teu corpo.
Baixo o balcón do ceo,
espido o universo,
sen máis camiño que o abrente
húmido do teu encontro.
A murmurios só ti,
entras no meu corpo,
e con ansiedade me paseo
por tódolos teus misterios.
A murmurios me destapo,
para cubrirme co teu corpo.
A penas escoito o murmurio,
suave do teu alento.
A penas escoito o mundo,
tan só sei que te sinto...

XXIX

Invítame o silencio,
ese sempre durmido,
que garda sempre os segredos
de todo suicidio.
Invítame a noite
cos seus crespóns negros,
para gardar a loucura
de paixóns e desexos.
Invítame a lembranza
de calquera estación do ano
para sentir os teus bicos,
sen que me fagan dano.
Invítame a morte,
se acaso nos teus brazos,
para sentir a sorte
dun pobre condenado.

XXX

Coñécente as papoulas,
 que onte e hoxe se arrolan no campo
 ó son do teu corpo.
 Coñécete a Lúa,
 que pola noite vixiaba os nosos bicos.
 Os cans, que calaban o seu ouveo
 ó escoitar os teus pasos.
 Os paxaros que, cos seus trinos,
 acompañaban o teu canto de primavera.
 Coñécete o inverno que compartiu as túas saudades
 detrás dos cristais da túa ventá,
 que buscou o teu corpo, húmido de chuvia.
 Coñécente os camiños e as rúas,
 que renderon culto ós teus pés,
 como a unha deusa idolatrada.
 Coñécente os abrentes e os anoiteceres,
 o monte, o mar e o vento,
 que che faláron de amor,
 para que eu sentise celos.
 E eu, que sen coñecerte,
 busqueite nos recunchos da miña vida,
 desfacendo os misterios,
 e á fin te atopei,
 no teu e no meu silencio.

XXXI

Lembro os teus ollos,
 como se lembran os soños,
 que non se esquecen nunca.
 Necesito escribir versos,
 coa humidade dos teus labios.
 Afundirme nos camiños que a túa pel
 lle ensinou ás minas mans,
 e no teu ventre de ríos
 desembocará a miña gamela,
 baixo a sombra das túas montañas.
 Quero sentirme náufrago nas túas praias,
 remarei mar aberto pola túa alma,
 coma se eu fose ese lobo de mar
 que sempre esperas.



XXXII

Encontraraste unha tarde fronte ó espello.
Encontraraste diante da lembranza,
duns ollos e dunha mirada perdida,
que che falará nos silencios, polos recunchos,
en ecos das nosas palabras.
Camiñarás triste en París, polos eternos bulevares,
polas rúas e pousadas.
A porcelana do salón, aquela mesma,
que fai esquina xunto ó cadro,
escoita sen comprender as palabras,
que eternamente falamos.
O vello París será sempre
bulicioso, bohemio e solitario.
A rue da Liberté, os Campos Eliseos,
eternamente románticos.
En París daría gusto morrer calquera tarde,
recordando os bicos da última amante.

XXXIII

Mastigaría neste intre a túa ausencia,
para que non pronunciaras nunca
improperios inoperantes e neurasténicos,
cos que compós os metros do teu silencio.
Estragaba as badaladas ortopédicas
coas que os minutos calzan o tempo,
para que non existise po nas horas,
nin nos horrorizara ser vellos.
Arrincaría a lembranza encravada,
gardada en marcos uniformes, calcarios,
e prensados en daguerrotipos,
de mirada fixa e inexplicable,
pestanexando sílabas sen dentes.
Namoraríame dun corpo que non existe
e gritaría coas voces do averno.
Comería o sal do teu ventre
como un louco sexual sen receita médica.

XXXIV

Teño medo,
e non sei cómo dicirche que te quero.
Teño medo que se rompa o feitizo,
e que ti e mais eu non esteamos
no mundo do amor e do silencio.
Como ti ben sabes, porque cho dixen ás veces.
É imposible escribir todo canto se sente
nas sílabas dun verso.
Escribir é esa dor meirande,
que roe como un can de palleiro.

XXXV

Ameite en primavera,
cando a herba a penas florecía nos teus ollos.
Ameite na lembranza e na presenza
dun corpo en sorriso.
Ameite en primavera aquela tarde,
de queixumes e soños e papoulas.
Ameite en primavera cando a penas
adolescencia era unha flor de poucos anos,
e tremía cos teus labios o teu corpo.
E as miñas mans como o arco da vella
cubrían a cor do tempo,
e sorría a suavidade da túa pel,
dun primeiro amor na súa entrega.

XXXVI

Non me atrevo a morrer
mentres non poida facerte feliz
coa miña loucura de poeta ausente.
Ou traspasar o segredo do silencio,
con silencio.
Os días e as noites teñen silencios
que ti e mais eu sabemos cáles son.
Dóeme a razón se aínda a teño,
por que iso equivale a admitilo todo,
e eu non quero ser cómplice do cotián.
Sángrame a dúbida.
Sángrame Deus.

XXXVII

A miña boca como canción de mar,
e esta mañá, eco da túa boca.
As ondas dos teus labios
ou a melodía das túas mans,
son un suicidio de ollos
sobre a simetría do teu corpo.
A miña entrega a ti supón
coroar un porto de montaña.

XXXVIII

Ninguén mellor que ti, Lola,
para comprender catro paredes dun cuarto.
O teu nome, Lola,
apagado nas enrugadas da almofada.
Lola, a nosa vida.
A nosa vida foi sempre un cuarto.
As nosas tristuras, as nosas ledicias,
sempre nun cuarto.
Cabe tanto nun cuarto, cabe tanta vida,
e tanta dor.
En Galicia un cuarto. En América un cuarto.
A nosa vida un cuarto.
A miña voz, de sede de alento e de labios,
e esta noite un cuarto.
Lola, para debuxarte entre catro paredes,
tería que pintar un cuarto.

XXXIX

Abrazarte...
Sentir o cheiro da túa pel clara,
nos suspiros da miña alma.
O tempo púxose azul na miña espera,
e o eco dos teus pasos preto da porta,
reconstrúen a túa imaxe.
Abrazarte...
Abrazar o misterio que te envolve,
ata os teus ollos de xitana.
Corto o aire e os meus pulmóns,
respiran bicos de guitarra.
Sobre o teu corpo de terra e poesía,
reconstrúo o meu espacio.
Camiño polas túas rúas, e abro as túas portas,
como se as coñecese de toda a vida.
Deséxote a cada intre,
e sóñote.
Sóñote entre cables telefónicos
que gritan o teu nome.
Sóñote cos ollos abertos,
como lúas que aluman as túas fontes,
onde bebe a miña alma.
Deséxote coas loucuras dun adolescente
que nunca amou antes.
Búscote na vixilia do meu sono
ata as horas en calma.

Tremo baixo o teu corpo,
como a pola na rama.
Baixo o teu corpo son escravo,
das túas outas montañas,
e refúxiome na túa pel,
infinda de lembranzas.

ÍNDICE



I	9
II	10
III	11
IV	12
V	13
VI	14
VII	15
VIII	16
IX	17
X	18
XI	19
XII	20
XIII	21
XIV	22
XV	23
XVI	24
XVII	25
XVIII	26
XIX	27
XX	28
XXI	29
XXII	30
XXIII	31
XXIV	32

XXV	33
XXVI	34
XXVII	35
XXVIII	36
XXIX	37
XXX	38
XXXI	39
XXXII	40
XXXIII	41
XXXIV	42
XXXV	43
XXXVI	44
XXXVII	45
XXXVIII	46
XXXIX	47

Este libro saíu do prelo
o día 20 de marzo de 2003,
en Artes Gráficas Vicus.
Consta a edición
de medio milleiro
de exemplares.